



ELECCIÓN Á DECANA/O DA FACULTADE DE DEREITO

O mércores, día 29 de abril de 2026, ás 14:00 h., na Sala de Xuntas do Decanato da Facultade de Dereito, terá lugar o sorteo público para a designación dos membros titulares e suplentes que constituirán a Xunta Electoral que actuará nas eleccións á decana/o da Facultade de Dereito.

Ourense, 27 de abril de 2026

M.^a Belén Sánchez Ramos
Secretaria da Facultade de Dereito

Segundo o Regulamento electoral xeral da Universidade de Vigo (aprobado polo Claustro universitario o día 15 de outubro de 2019 e modificado nas sesións de 16 de outubro de 2020, 29 de outubro, 17 de decembro de 2021 e 19 de decembro de 2025), a Xunta Electoral estará integrada por:

- O decano ou decana, ou o director ou directora do centro, que a preside.
- O secretario ou secretaria do centro, que actúa como secretario ou secretaria dela.
- Unha persoa integrante do persoal docente e investigador, outra do persoal de administración e servizos e outra do sector de alumnado, pertencentes á respectiva xunta de centro, designados por sorteo público, así como as respectivas persoas suplentes.